

2.—Cando o seu uso estea declarado ilícito, serán destruídos e levantarase a correspondente acta, e se o seu uso fose lícito depositaranse nas dependencias da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa devolución ou rescate ou para a súa cesión en pública subhasta, de acordo coa resolución do expediente sancionador.

As contías económicas obtidas pola cesión das artes, dos aparellos ou dos medios empregados de forma ilícita serán destinadas pola Administración á mellora da riqueza piscícola.

Disposición adicional

No que atinxe ó tramo internacional do río Miño esta lei será aplicable mentres non se opoña ó disposto polo Troco de Notas do 22 de xuño de 1968, celebrado entre o Ministerio español de Asuntos Exteriores e a Embaixada de Portugal en Madrid.

Disposición transitoria primeira

Os expedientes sancionadores xa iniciados ó amparo da lexislación anterior continuarán tramitándose pola mesma ata a súa resolución.

Disposición transitoria segunda

As licencias e os permisos de pesca expedidos con anterioridade á entrada en vigor da presente lei manterán a súa validez ata a fin do seu período de caducidade.

Disposición transitoria terceira

Establécese un prazo de seis meses, ampliable en supostos xustificadas, que se contará desde a entrada en vigor desta lei, para a adaptación das instalacións, dos instrumentos e doutros mecanismos ás disposicións que supoñan unha innovación respecto da lexislación anterior.

Disposición transitoria cuarta

En tanto o órgano competente non determine o caudal ecolóxico, entenderase por tal o dez por cento do caudal medio anual.

Disposición derradeira primeira

Facúltase ó Consello da Xunta para que, mediante decreto, actualice as contías das sancións previstas na presente lei, de acordo coa evolución do índice de precios ó consumo.

Disposición derradeira segunda

No non previsto nesta lei e con carácter supletorio aplicase o disposto na Lei de pesca fluvial do 20 de febreiro de 1942 e no regulamento para a súa aplicación.

Disposición derradeira terceira

Autorízase ó Consello da Xunta para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei.

Disposición derradeira cuarta

A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 1992.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 226/1992, do 24 de xullo, sobre subvencións á reconstrución de vivendas unifamiliares no medio rural.

Unha das preocupacións da Comunidade Autónoma galega desde que lle foron transferidas as competencias en materia de vivenda foi a mellora da calidade de vida dos moradores de vivendas situadas no medio rural, xunto coa conservación e restauración de tan importante patrimonio arquitectónico, en serio perigo de desaparición.

Deste xeito xurdiron as liñas de axuda autonómicas á rehabilitación da vivenda rural, que tiveron unha xeral aceptación e deron lugar á recuperación dun significativo número de vivendas adaptadas ó medio, evitando o risco da súa deterioración progresiva.

Sen embargo, a experiencia acadaba nestes anos pon de manifesto que unha parte das vivendas rurais necesitan algo máis que puntuais actuacións rehabilitadoras, atendidas polo Decreto 142/1992, do 5 de xuño, se se pretende a súa conservación. Estas vivendas quedaban fóra dos programas de axuda tanto autonómicos como estatais, obrigando os seus propietarios a unha nova construción, demolendo ou abandonando a anterior, ou a actuacións clandestinas e incontroladas con imprevisibles e negativas repercusións na seguridade da vivenda e na conservación da preexistente.

Este tipo de actuacións que fundamentalmente se traducen en reformas e ampliacións do volume, enténdese que deben ser igualmente susceptibles de axuda, regulándoas adecuadamente e velando pola conservación da súa tipoloxía, excluíndo aqueles que non conserven os aspectos significativos da vivenda orixinaria sobre a que se fan.

Así mesmo estas actuacións de rehabilitación integral deben ser obxecto de regulación diferenciada con respecto ás de rehabilitación simple, debido á súa maior complexidade e para non complicar a xestión deste programa que xa ten unha tradición dentro do panorama da vivenda en Galicia a pesar da súa recente aparición.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e catro de xullo de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo 1º —Obxecto.

A presente disposición ten por obxecto protexer e incentivar a reconstrución e reestruturación de vivendas rurais, promocionando solucións axeitadas ó medio e respectuosas coa tipoloxía da arquitectura tradicional da zona.

Para os efectos desta disposición, poderanse acoller:

a) As vivendas unifamiliares de entidades de poboación inferiores a 500 habitantes.

b) As vivendas unifamiliares en núcleos entre 500 e 1.500 habitantes enclavadas en municipios con planeamento municipal vixente, sempre que os núcleos sexan rurais ou no caso de núcleos urbanos sempre que a ordenanza de aplicación recolla como compatible o uso da vivenda unifamiliar.

c) As vivendas unifamiliares en núcleos entre 500 e 1.500 habitantes dos municipios sen planeamento sempre que as vivendas teñan un claro carácter rural e non sexan características de aglomeracións ou concentracións urbanas.

Artigo 2º —Ámbito.

Tendo en conta a finalidade das axudas, só poderán ser obxecto destas aquelas vivendas cunha antigüedad superior ós 40 anos e que, como consecuencia das actuacións, vaian ser destinadas a domicilio habitual e permanente da unidade familiar do solicitante.

Artigo 3º —Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións reguladas neste decreto para reconstrución de vivendas as persoas físicas que, sendo propietarias delas, obteñan uns ingresos ponderados que non excedan de 3,5 veces o salario mínimo interprofesional (SMI).

Artigo 4º —Actuacións protexibles.

I. As actuacións que se inclúen no ámbito de protección que se establece neste decreto son as seguintes:

1.—Reestruturación interior.

Abrangue as obras que readapten a configuración arquitectónica interior do edificio con adecuacións significativas dos seus elementos fixos ou estruturais ás necesidades actuais dunha vivenda unifamiliar. Inclúe os baleirados totais con mantemento das fachadas.

2.—Reconstrución integral.

Abrangue as obras en edificacións que, dado o seu estado de ruína, ou como consecuencia de anteriores

modificacións, só permiten a conservación de elementos valiosos illados da edificación primitiva, incorporándose á edificación de nova planta.

3.—Ampliación da vivenda.

Abrangue a ampliación do volume existente. As ampliacións deberán adecuarse ás características da edificación que se amplía e ás fixadas no planeamento vixente.

II. Para tódalas devanditas actuacións será requisito indispensable, amais da licenza municipal, o correspondente proxecto básico e de execución asinado polo técnico competente que, ademais das calidades técnicas e de seguridade das obras que se van realizar, garantirá a adecuación ó medio e á paisaxe da edificación resultante. En todo caso o proxecto deberá respectar e manter as características tipolóxicas valiosas da edificación primitiva conservando tódolos elementos merecentes polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico ou da tipoloxía tradicional.

Artigo 5º —Beneficios.

As actuacións de rehabilitación anteriormente sinaladas poderán ser subvencionadas nunha contía equivalente ó 30% do presuposto das obras, sen que en ningún caso a dita subvención poida supera-la cantidade de 1.000.000 de pesetas por beneficiario.

Artigo 6º —Solicitude de beneficios.

As solicitudes de subvencións para reconstrución das vivendas presentaranse nas delegacións provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo axustándose ó modelo e cos documentos que serán determinados por orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que, así mesmo, establecerá a especial tramitación das solicitudes formuladas polos galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma.

Artigo 7º —Aprobación provisional.

Á vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, o delegado provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá á aprobación provisional do expediente, no caso de cumprir os requisitos esixidos.

A aprobación provisional comprenderá as actuacións que se van realizar, o prazo de execución das obras, o presuposto e a subvención total que se concederá.

O prazo de execución das obras non poderá exceder de dous anos con carácter improrrogable e contarase a partir da data de notificación da aprobación provisional.

O non cumprimento dalgún dos requisitos establecidos no presente decreto será motivo da denegación da aprobación do expediente. Esta será expresa e motivada e o interesado poderá interpoñer contra a dita resolución recurso de alzada perante o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Artigo 8º —Inspeccións.

Desde o momento da presentación da solicitude poderanse realizar tódalas inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados, a execución das obras aprobadas e o destino da subvención concedida.

Artigo 9º —Aprobación definitiva.

O beneficiario, unha vez executadas as obras aprobadas, dentro do prazo concedido para o efecto, disporá dun prazo de 15 días para comunicar por escrito á delegación provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo a súa finalización, xuntando fotografías que amosen tódalas obras realizadas e certificación final de obra, outorgada polo seu técnico - director.

O delegado provincial do IGVS, á vista da documentación presentada, logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, procederá a outorgar ou denegar a aprobación definitiva do expediente, con notificación ó interesado.

Será motivo de denegación da aprobación definitiva non executa-las obras aprobadas inicialmente dentro do prazo concedido para o efecto, así como non executa-las segundo o proxecto aprobado, ou non ter rematado o acabamento exterior da edificación.

A aprobación definitiva sinalará a obriga de destinar a vivenda reconstruída a residencia habitual e permanente durante o prazo de 5 anos como mínimo. Esta obriga, no caso dos galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma, limitarase á residencia na vivenda reconstruída durante polo menos trinta días ó ano, no mesmo período.

Artigo 10º —Recoñecemento e pagamento das subvencións.

A aprobación definitiva dará lugar á autorización e á disposición do gasto, recoñecemento da obriga e pagamento da subvención, con cargo ós créditos que figuren consignados no exercicio para esta finalidade.

Artigo 11º —Sancións.

Non destina-la vivenda reconstruída a domicilio habitual e permanente ou residencia temporal, segundo o disposto no artigo 9º, suporá a obriga de reintegrar as cantidades percibidas en concepto de subvención e os correspondentes intereses legais, sen prexuízo das demais responsabilidades en que se incorra.

As responsabilidades pecuniarias derivadas do incumprimento do presente decreto esixiranse conforme á lei.

Artigo 12º —Incompatibilidades de beneficios.

Os beneficios establecidos na presente disposición son incompatibles coas axudas para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia así como con calquera outra axuda, con cargo ós presupostos do IGVS, destinada ás mesmas actuacións.

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá, mediante orde, establecer outras incompatibilidades con determinadas e concretas liñas de axuda, atendendo á tipoloxía destas e a súa incidencia ou duplicidade coas establecidas neste decreto.

Artigo 13º —Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes determinárase por orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para incrementar por orde, atendidas as dispoñibilidades presupostarias, a porcentaxe e o límite das subvencións establecidas no presente decreto en actuacións de reconstrución de vivendas rurais situadas no Camiño Francés de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—As disposicións do presente decreto serán de aplicación ás actuacións que se aproben provisionalmente ata o 31 de decembro de 1995.

Segunda.—O conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá dictar, no marco das súas competencias, as disposicións que cumpran para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Terceira.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 227/1992, do 24 de xullo, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Lalín (Pontevedra), dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras da estación de autobuses de Lalín.

O Concello de Lalín en sesión celebrada o día 8 de maio de 1992, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra da estación de autobuses de Lalín para os efectos de expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, para poñelos á disposición da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para a execución da expresada obra.